


VENRES
6
OUTUBRO
20.00 h



ESTREA!

UN ESPECTÁCULO DE TEATRO E DANZA
PARA TODA A FAMILIA
INSPIRADO NA OBRA DE MARUXA MALLO

XOVES
12
OUTUBRO
18.30 h



ESTREA!

ELA

Caramuxo Teatro - GALICIA + 3 ANOS / duración: 40'

"Ela" crea un mundo fantástico a través das cores, a arte e o universo creativo da pintora Maruxa Mallo. Unha mestura de poesía, humor, teatro e danza onde descubrir o imaxinario desta muller excepcional. Un poema plástico para gozar en familia.

Dirección e interpretación: Laura Sarasola e Juan Rodríguez



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

AGURATRAT

Pérez & Fernández - GALICIA +4 ANOS / duración: 50'

AGURATRAT! é unha adaptación teatral do libro "Esio Trot" de Roald Dahl, un dos autores máis lidos da literatura infantil universal.

AGURATRAT! é unha fermosa historia de amor e aventuras protagonizada por dúas persoas maiores, o señor Hoppy e a señora Silver. A terceira protagonista da historia é unha tartaruga, personaxe clave que dá título á peza.

AGURATRAT! é unha obra de teatro de actor para público familiar cunha coidada posta en escena, música orixinal, baile e maxia que utilizará o bilingüismo galego-inglés no texto.

Autor: ROALD DAHL

Dirección e Interpretación: Victoria Pérez e Manu Fernandez



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

TODO PÚBLICO

Artes escénicas para todas as idades

OUTONO DE 2017

VENDA DE ENTRADAS E ABONOS

Entradas: 6,00 € // Abono 3 (3 entradas para a mesma función): 15,00 €
// Menores de tres anos: 2,00 €

Todos os que accedan ao espazo no que terá lugar o espectáculo, deben facelo con entrada.

— DESPACHO CENTRAL DE BILLETES DA PRAZA DE OURENSE

De luns a venres, excepto festivos, de 9.30 a 13.00 h e de 16.30 a 19.30 h

— DESPACHO DE BILLETES DO FÓRUM

Aberto só os días de función desde unha hora antes (só se quedan entradas dispoñibles)

— TELEVENDA: 902 044 226

De luns a venres de 9.00 a 22.00 h, sábados de 14.00 a 22.00 h
e domingos de 16.00 a 21.00 h

www.ticketea.com

PRÉGASE PUNTUALIDADE. UNHA VEZ COMEZADO O ESPECTÁCULO NON SE PERMITIRÁ O ACESO Á SALA



CORUÑA
PRÓXIMA



www.coruna.es/cultura



Podes seguir a programación cultural do concello en facebook:
www.facebook.com/CulturaCoruna



Depósito legal: C-1102-2017

TODO PÚBLICO

Artes escénicas para todas as idades

FÓRUM METROPOLITANO

OUTONO DE 2017



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA



SÁBADO
21
OUTUBRO
18.30 h



MALAS PALABRAS

La Galera Encantada - Argentina + 6 ANOS / duración: 50'

As “malas palabras” adoitan ser “cousa de grandes”. Pero buscando significados nas follas dun dicionario, non aparecen termos esencialmente malos. Só as que non se din, as palabras silenciadas, son as que realmente poden ser malas. E é máis frecuente que os adultos calen algo fronte aos seus fillos, por medo ou por subestimaren a capacidade e a necesidade de comprensión dos nenos, que por situación inversa.

A carencia de fotos de bebé da protagonista desencadea a procura da verdade oculta por parte da nena, do que termina sendo a historia das súas orixes, da adopción que a levou a formar parte da familia que integra...

Autora: Perla Szuchmacher

Dirección e posta en escea: Héctor Presa

Intérpretes: Luli Romano Lastra e Guillermina Calicchio

BALA PERDIDA

Títeres Cachirulo - Galicia +8 ANOS / duración: 80'

~
CÁGORA

Bala Perdida é un pirata, unha lenda, un corsario a vida, un ser bondadoso e rosmón, un valente e un xusticeiro, un Robin Hood, un John Silver, un capitán Kidd, un filibusteiro atlántico que non habita na illa da Tartaruga senón entre as néboas dun océano ignoto, misterioso e milenario. Ao seu carón, a súa mariñeira: homes curtidos nos mares, entre treboadas e naufraxios, todos membros da Irmandade da Costa, e xunto deles e do seu espírito aventureiro, un tesouro que queima nas mans.

Intérpretes: Manuela Varela, Lino Braxe, Pedro Picos, Xosé Bonome, Xoán Carlos Mejuto, Marcelo González, Jorge Rey.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

SÁBADO
4
NOVEMBRO
18.30 h



Premio mellor espectáculo infantil da Feria de Teatro de Castela e León 2016
Premio ao espectáculo de pequeno formato FETEN 2017

RETAHILANDO

Eugenia Manzanera - Castilla-León + 4 ANOS / duración: 55'

Sis Sas é a anciá tecelá do mundo. Ela crea sen parar: tece o tempo, tece ás persoas e mesmo fía tecidos de historias. Nacen as persoas, tecidas de historias. Unha vida é un tecer o tempo. Tempo para fiar, ganduxar, tricotar, remendar, relatar... carne sen ósos. Historias dun tempo pasado, obxectos que son contos, cancións con aromas de países mediterráneos. En *Retahilando* todo lembra pero nada é exactamente. Como nun soño.

Retahilando é un espectáculo onde a risa e a gargallada están na dobrez de todo, tanto para o público adulto como para o infante. Unha actriz e un músico enredando e tirando do fío.

Posta en escea: Magdalena Labarga, Eugenia Manzanera

Intérprete: Eugenia Manzanera

Músico: Iovis Fernández

SÁBADO
2
DECEMBRO
18.30 h



Premio FETEN 2017 á mellor dirección

LA GALLINA DE LOS HUEVOS DE ORO

Zum-Zum Teatre - Cataluña + 6 ANOS / duración: 55'

Gústavos o diñeiro? Moito?

Os granxeiros desta historia non perdían o tempo pensando no diñeiro e sempre repartían o pouco que tiñan con quen máis o precisaba, pero un día unha galiña chegou á súa granxa e puxo un ovo de ouro. Imaxinádesvos se vos pasa a vós? A galiña dos ovos de ouro é unha historia que conta que o diñeiro é un “conto”.

“Había unha vez un pobre granxeiro que tiña o costume de acoller no seu curral a todas as aves que chegaban extraviadas á súa granxa...”

Intérpretes: Begonya Ferrer, Ramon Molins – Albert Garcia

Canciones: Ramon Molins

SÁBADO
16
DECEMBRO
18.30 h



LÁGRIMAS DE COCODRILO

La Pera Limonera - Cataluña + 4 ANOS / duración: 50'

Un silencio de sono invade a aula dos “cocodrilos”, os máis pequenos dunha escola infantil. O electricista trata de repor unha lámpada cando alguén chora na escuridade... Tarde de máis! A historia non fixo máis que comezar. Conseguir que volvan durmir?

Choros, risas e sorpresas están asegurados nesta auténtica odisea cotiá.

LÁGRIMAS DE COCODRILO son as peripecias dun electricista que, por erro, entra na sala dormitorio dos bebés dunha escola infantil e vese na obriga de facelos durmir antes de saír. Trátase dunha viaxe na que ao xa no comezo non atopa saída, pero ao final serviralle, iso si, para redescubrir todo un mundo afectivo, sensorial e cheo de emocións que cría esquecido.

Autores: Andreu Martínez e Pere Romagosa

Idea orixinal e interpretación: Pere Romagosa

Director: Andreu Martínez

TODO PÚBLICO

FÓRUM METROPOLITANO
OUTONO 2017

+3
ANOS

+4
ANOS

+5
ANOS

+6
ANOS

+8
ANOS